



San Sadurniño

#quemáisqueres





Presa de Blas, no río Castro.



Natureza, cultura, tradición, patrimonio milenario... San Sadurniño ofréceche todo isto e moito máis nun espazo de algo menos de 100 Km2. O noso territorio, situado onde se xuntan as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegai, fórmano sete parroquias: Bardaos, Ferreira, Igrexafeita, Lamas, Naraío, San Sadurniño e Santa Mariña do Monte. Sete espazos con identidade de seu onde descubrir a riqueza verde e histórica dun concello poboado desde antigo que hoxe che dá múltiples opcións para pasar o teu tempo de lecer.

Estás en San Sadurniño #quemáisqueres



No territorio aínda perviven fragas e especies propias do Bosque Atlántico.

Edición: Concello de San Sadurniño
Colabora: Deputación da Coruña
Fotografías: César Galdo
Depósito Legal:



No Forgoselo o gando vacún
e cabalar críase en liberdade.

Unha paisaxe singular

San Sadurniño é un concello marcado por un clima oceánico húmido e unha xeoloxía de transición entre as superficies de erosión do interior de Galicia e a costa norte do país. Por este motivo dominan os montes de cumes aplanados e pequenas mesetas elevadas, como en Bardaos, Santa Mariña ou no Forgoselo, que son restos da superficie de erosión fundamental de Galicia, creada no Secundario. Sobre delas, unha vexetación que en orixe estaba presidida polos bosques de tipo atlántico dos que hoxe, afogados polo eucalipto e o piñeiro, quedan poucos exemplos en masas máis ou menos continuas. A única, a da fraga de Igrexafeita e Naraío que poboa a ribeira sur do río Castro.

Esta conca, xunto co macizo do Forgoselo e o val do Xubia, forma parte da Zona de Especial Conservación (antes chamada LIC) Xubia-Castro. Son 2.074 hectáreas de territorio incluído en Rede Natura 2000 que toca os concellos de Narón, Neda, Moeche, As

Somozas, A Capela e As Pontes, aínda que máis da metade da superficie (1.214 Ha.) son parte de San Sadurniño e supoñen o 12,16% do territorio municipal. A importancia desta ZEC vén determinada polos doce tipos de hábitats descritos na zona, nos que entran os bosques atlánticos, brañas, turbeiras, uceiras, lagos eutróficos e estanques temporais mediterráneos.

A paisaxe é sustento dunha fauna salvaxe ben variada -corzos, xabaríns, lobos, raposos, teixugos, lobos, morcegos, miñatos, falcóns, mouchos, rás, sapos, pínegas, etc. -que comparten espazo coa gandaría de vacún e cabalar, xa sexa en réxime extensivo ou en leiras aproveitadas con fins forraxeiros.

Por outra banda, San Sadurniño pecha polo sur o ámbito do **Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal**. Unha iniciativa na que se implicaron sete municipios e a Deputación da Coruña coa finalidade de obter este distintivo da UNESCO que recoñece

a relevancia de lugares cun interese xeolóxico internacional. O proxecto pon en valor estes recursos vinculándoos co patrimonio cultural e ambiental e tamén co tecido social e económico, na liña de contar cun argumento turístico máis para o desenvolvemento sustentable de toda a zona do xeparque. É que a paisaxe é froito do paso do tempo durante millóns de anos, pero máis que nada da intervención humana no territorio, da pegada dos homes e mulleres que desde antigo aproveitaron a terra mentres foron enchendo San Sadurniño de numerosos elementos civís, militares e relixiosos erguidos segundo o devir dos tempos.

Grande parte do patrimonio histórico de San Sadurniño está encadrado no seu azaroso pasado durante a Idade Media e o poder exercido man con man pola Igrexa e a fidalguía durante séculos. Porén, ao seu carón tamén podemos atopar hórreos, muíños e outras solucións adoptadas para aproveitar os recursos dispoñibles en cada época. Menos visible é o pasado sen referencias históricas claras, representado nos restos de castros e mámoas difíciles de albiscar hoxe en día baixo a maleza e as reboacións forestais.



Os bosques de ribeira son outra das grandes riquezas naturais de San Sadurniño.

Hai moito, moito tempo...

Os restos históricos máis antigos dos que se ten constancia en San Sadurniño –e que aínda son identificables– son as mámoas ou soterramentos do megalitismo galego, unha época ampla comprendida entre o 6000 e o 2000 antes de Cristo. Á vista son simples avultamentos do terreo que antigamente gardaban cámaras funerarias de pedra, espoliadas ao longo da historia na busca de tesouros. Só poden atoparse restos deste tipo no Forgoselo e tamén na zona de Santa Mariña do Monte, concretamente en Moimentos –a toponimia garda sempre relación co pasado–, onde hai identificadas dúas mámoas como parte dun complexo maior de 16 túmulos neolíticos concentrados no eixo Monte dos Nenos–O Esperón, xa no concello de Narón.

Ademais, preto de alí, tamén se atopa o **marco de Portonovo de Valverde**, que ben puidera ser unha laxa megalítica que durante séculos serviu de punto divisorio entre freguesías e posteriormente entre os concellos de San Sadurniño, Narón e Valdoviño.

A pedra fai as veces de pontella sobre o rego de Portonovo en pleno camiño a Teixido e dela despréndense numerosas lendas relacionadas co mito da impía cidade de Valverde asolagada por Cristo en castigo polos seus pecados. A tradición asegura que durante a operación Xesús deixou na pedra a marca dun dos seus pés.


Marcas rupestres tamén se atopan en Naraío. O arqueólogo André Pena Graña describe unha laxe con sete cazoletas situada nas Penas Louseiras, preto do límite co concello de Neda.


Dos 19 elementos arqueolóxicos que hai identificados documentalmente, arredor dunha quincena pertencen ás idades do Bronce e do Ferro e á época da romanización. Os que máis cómpre salientar son os castros –seguramente habitados pola tribo Labacenga– situados na marxe norte do río Xubia así como en Bardaos e Santa Mariña do Monte, hoxe difíciles de ver debaixo das plantacións forestais.

Recompilando estudos existentes, o profesor Manolo González suxire que o Castro de San Sadurniño –situado preto da zona urbana– probablemente fora o máis relevante de cinco poboados que se estenden desde O Redo até O Rupiallo. Todos eles poderían ter formado unha cadea defensiva na antigüidade que seguiría rumbo oeste polo cordal elevado que San Sadurniño comparte con Narón.

Federico Maciñeira estudou os restos en 1905 cunha mirada científica e deixou constancia da aparición dun torque de ouro no século XIX. O achádego –do que Maciñeira nunca soubo o paradoiro– acompañouse da descuberta de varias fíbulas, obxectos, restos de muros e numerosos fragmentos de cerámica.

Visitas: os restos castrexos e do megalitismo galego non contan con sinalización específica, aínda que si están localizados. Na maior parte dos casos non son visitables por atoparse en leiras privadas no medio de pasteiros e plantacións forestais.



A large, dark, textured rock formation, possibly a megalithic stone, is the central focus of the image. The rock is dark grey to black with prominent reddish-brown mineral deposits or lichen. It is surrounded by lush green vegetation, including ferns and various leafy plants. In the bottom foreground, the tip of a person's foot wearing a tan sneaker is visible, suggesting the person is standing on or near the rock. The background is filled with more greenery, creating a dense, natural setting.

Marco de Portonovo de Valverde,
en Santa Mariña do Monte.
A pedra –posiblemente unha laxa
megalítica- é punto divisorio entre
San Sadurniño, Narón e Valdoviño.



Do castelo de Naraio só se conserva unha pequena parte do que debeu ser noutro tempo.

O Castelo de Naraío, vixía da historia

O castelo de Naraío está situado á beira do río Castro sobre un rochedo que nalgunhas partes se integra na construción. As escavacións realizadas en 2008 descubriron ata tres muros perimetrais que noutro tempo converterían o castelo nun edificio inexpugnable e con capacidade para resistir durante meses grazas ao grande alxibe de auga que aínda se conserva no interior da torre. Sobre as orixes do castelo todo son conxecturas históricas ao non ter aparecido documentos fidedignos sobre quen o tería mandado erguer.

O enxeñeiro catalán Comerma i Batalla suxire a principios do século pasado que o castelo puidera ter pertencido á familia dos Piñeiro ata que lles foi arrebatado en 1364 polo rei Pedro I en favor de Fernán Pérez de Andrade "O Boo" en recompensa polos servizos prestados. A propiedade seríalle confirmada de novo unha década despois polo rei Henrique II de Trastámara en agradecemento por telo apoiado na loita contra o seu medio irmán Pedro I (disque o Andrade participou no seu asasinato).

A fortaleza foi, segundo se cre, cárcere para malfeitores e tamén para morosos.

O castelo foi un dos escenarios da primeira revolta irmandiña (1431) dirixida sen éxito por Roi Xordo contra Nuno Freire de Andrade "O Mao". Entre 1466 e 1469 volvería ser un dos focos da guerra Irmandiña, desta vez contra Fernán Pérez de Andrade "O Mozo". Alonso de Lanzós -curmán do Andrade- encabezou aquí a revolta. O seu exército derrubou o castelo que, trala súa derrota, tivo que ser reconstruído como castigo polos propios sublevados. A fortaleza e as propiedades pasaron entón a mans de Diego de Andrade -fillo de Fernán- e, co tempo e os casamentos, á Casa de Alba, actual propietaria da fortaleza cedida ao Concello por un período de 30 anos.

Ficou abandonado a principios do século XVII e durante tempo foi empregado como canteira da que obter material de construción. Hoxe só se conserva a torre e parte dos muros

superiores, ademais de dous arcos que soportaban portóns e o enciño. As escavacións efectuadas durante a segunda fase de consolidación da fortaleza descubriron cerámica, moedas e outros materiais de interese que agardan ao desenvolvemento dun proxecto expositivo asociado ao castelo.

Do tempo dos Andrade tamén nos queda a **Ponte da Ferraría** (cca. o S. XIV), na parroquia de Naraío. A ponte ten un só arco gótico e é de cantería cunha fábrica moi semellante á do castelo. A finais dos anos 60 do século pasado foi remodelada engadíndolle unha prancha de formigón que permitise salvar as riadas do Castro durante o inverno.

Nun dos seus extremos conta cunha ruda escultura zoomorfa que aínda hoxe xera controversia académica sobre se se trata da figura dun oso ou dun xabarín, animais ambos ligados á simboloxía dos Andrade. En Naraío sempre se coñeceu como **“o porco”** e cóntase que en orixe eran dúas as figuras. A ponte foi durante séculos o principal punto de vadeo do Castro percorrendo o antigo “Camiño Real”, que hoxe forma parte do Sendeiro do Río Castro e, á súa vez, da GR-55 que vai desde Betanzos até Santo André de Teixido.

Visitas: A fortaleza de Naraío pode visitarse durante todo o ano con entrada libre, aínda que con precaución. Non conta con servizo de guía



“Porco” ou oso dos Andrade



Ponte medieval da Ferraría

Enciño de acceso ao castelo



Marcas que deixaron na pedra os canteiros que participaron na construción do castelo





Columnata e patio interior do Pazo da Marquesa, hoxe Casa do Concello. O recinto acolle vodas e outros eventos ao aire libre.

O Pazo da Marquesa, lembranza da Belle Époque

Así é como se coñece o conxunto arquitectónico que noutro tempo pertenceu ao marquesado de San Sadurniño e onde hoxe se asenta a sede municipal. O que se ve na actualidade é só unha parte do que houbo no pasado, xa que o pazo eran o edificio principal, as estancias anexas, os xardíns, a capela derrubada en 1967 para ampliar a estrada de Ortigueira, o pombal e a granxa –hoxe restaurante– e unha frondosa fraga pechada que abrangía máis de 100 hectáreas de terreo.

O que queda daquela é unha parcela de 1.8 hectáreas pertencente ao Concello na que destaca o edificio do pazo. A estrutura que se mantén en parte é froito dunha reforma do século XIX sobre unha edificación máis antiga, seguramente dos tempos da fundación do Señorío de San Sadurniño –S. XVI– por Fernando de Andrade, dous anos despois do pasamento da súa dona, Inés de Castro e Lanzós.

De feito, o torreón almeado do pazo está presidido por un escudo formado pola banda engolada por dous dragóns dos Andrade e os seis roeis dos Castro. Porén, o pazo orixinal tamén podería

ser unha construción de finais do século XVII ou principios do XVIII. A última dona do conxunto de estirpe fidalga foi María Natividad Quindós y Villarroel (1861–1953), VII marquesa de San Sadurniño e Camareira Maior da raiña rexente María Cristina de Habsburgo. De feito, o seu fillo Alfonso XIII visitou San Sadurniño en tres ocasións.

O edificio ten planta cuadrangular presidida por un patio interior rodeado dunha columnata que sostén unha galería acristalada hoxe empregada como espazo expositivo. Os portóns do edificio permitían a entrada de carruaxes para deixar os viaxeiros e viaxeiras ao pé mesmo dunha maxestosa escaleira de pedra de toelo (ou serpentina) pola que aínda hoxe se accede ao primeiro andar.

As estancias distribúense arredor da galería onde noutro tempo se facía vida e desde onde se podía subir ao torreón e pasar ao edificio anexo –agora exento do principal– que durante boa parte do século XX foi casa de acollida xestionada polas monxas de Cristo Rei. De feito, trala morte de Natividad Quindós todo o

complexo tivo unha finalidade educativa que agora se recuperou en parte coa construción dunha escola infantil na planta baixa do edificio anexo, remodelado nos anos 60 sobre un proxecto do arquitecto Rodolfo Ucha. A fachada sur do pazo conta cunha grande terraza antano cuberta por un toldo desde a que se pode baixar aos xardíns.

En 1894 construíuse o peche perimetral e o enreixado da parte dianteira e, poucos anos despois, deseñáronse os xardíns ao gusto da moda modernista: estanques, plantas exóticas, cisnes, pavos reais e outros animais, grandes maceteiros e esculturas, bancos, proliferación de azulexos de cores vivas. . . Os xardíns eran o punto de transición á fraga onde os propietarios do pazo e os seus ilustres convidados e convidadas adoitaban organizar merendas campestres e outras actividades, incluídos os paseos en barca polo río Grande de Xubia.

Á morte da marquesa case todos os terreos foron pasando a mans privadas e o conxunto arquitectónico do pazo foi esmorecendo ata quedar totalmente abandonado a principios dos anos 90. En 2004 o Concello obtivo a cesión de uso dos xardíns e o 29 de novembro de 2010 fíxose coa propiedade do conxunto do pazo, iniciando un longo proceso de rehabilitación

de todo o conxunto que se prolongou desde 2008 até practicamente 2018.

A antiga residencia pancega é agora sede do Concello, mentres que os xardíns acollen os mercados mensuais e son un espazo de paseo e lecer onde, ademais, existe un pequeno parque infantil, máquinas de exercicios e unha campa para xogos tradicionais.

Visitas: A Casa do Concello pode visitarse de balde nos horarios de apertura das oficinas municipais, de luns a venres en horario de 8.30 a 14.30 h. Os xardíns están abertos todo o ano.



Antigamente os xardíns e a fraga ocupaban 100 Has. de terreo. Hoxe son lugar de ocio e xogo e escenario para os mercados mensuais.



Claustro do Convento do
Rosário, San Sadurniño.



O Convento dos Templarios

O Convento do Rosario encóntrase situado no centro urbano. Na súa orixe foi un antigo hospital e igrexa dos cabaleiros da Orde Templaria, que se disolvería a comezos do século XIV. A historia considera que a presenza templaria en San Sadurniño se remonta ao século XII, pero o primeiro testemuño escrito é do 1248. Trala disolución da orde en 1312, o edificio quedou en ruínas e sobre elas ergueríase dous séculos máis tarde o convento, auspiciado polos primeiros señores de San Sadurniño, Fernando de Andrade e a súa dona Inés de Castro e Lanzós -filla do líder irmandiño Alonso de Lanzós- quen morrería antes de ver os seus dominios convertidos oficialmente en señorío.

O convento na honra de Santa María estivo xestionado nun principio por agustinianos, logo por franciscanos e, desde 1570 por dominicos, que o levarán durante os seguintes 250 anos, até a desamortización de Mendizábal en 1835. Foi empregado entón como casa reitoral ata que en 1863 se ampliaron os usos a escola, casa dos mestres e Casa do Concello. De feito, a ala oeste do antigo convento sería casa consistorial ata o 2014. A

fachada exterior e o adro foron rehabilitados en 2008 e en 2014 tamén se rehabilitou a cuberta do edificio. Antes daquela o conxunto xa pasara por múltiples modificacións e obras.

Escritos medievais indican que a igrexa de San Sadurniño xa existía no ano 830, é sabido que foi hospital -posiblemente de peregrinos que ían a Santo André de Teixido- e tamén se sabe que a igrexa primitiva era na advocación de Santa Olaia.

As edificacións que hoxe vemos -claustro e igrexa- rematáronse en 1755 e de aí que se mesturen algúns elementos góticos, barrocos e neoclásicos. No presbiterio consérvase un arco e crucería do século XVI, a fachada e o retablo maior son barrocos, mentres que nos brazos e en parte da nave os retablos xa son neoclásicos. O claustro está composto de 28 arcos, 7 por cada lado e ata hai pouco rodeaban un xardín interior con buxos e árbores froiteiras. Nunha das esquinas aínda conserva un reloxo de sol.

Adro do convento co hórreo ao fondo,
trasladado ao lugar trala construción
do novo cemiterio parroquial.



Desde 2014 o contorno está presidido pola figura de bronce do Sagrado Corazón de Xesús, réplica a escala da do Cerro dos Anxos, encargada por Natividad Quindós a principios do século XX. A imaxe colocouse inicialmente ao pé do río Xubia e nos anos 70 trasladouse aos xardíns do pazo ata que en 2014 o Concello lla cedeu á Igrexa para emprazala definitivamente no convento.

Outros elementos destacados son a escaleira de toelo que comunica a sancristía co primeiro andar do claustro, o cruceiro do adro e o hórreo -tamén de toelo- que orixinariamente estaba situado no lugar que hoxe ocupa o cemiterio parroquial. Cómpre sinalar tamén a fonte á que se chega desde un dos laterais do hórreo baixando unha escaleira con 50 chanzos dispostos en cinco tramos, cadrando co rosario que os dominicos empregaban na súa oración.

Á parroquia de San Sadurniño tamén están vinculadas as capelas de Santo Estevo da Portela e a de Santiago de Silvalonga, erguida a finais dos 60 para substituír outra máis antiga derrubada poucos anos antes. No antigo campo da feira

aínda se conserva, ademais, a Capela de Belén, mandada construír polos señores de San Sadurniño vencellando o seu mantemento futuro ao patrimonio do marquesado.

Visitas: A igrexa de Santa María a Maior e o claustro do Convento do Rosario están abertos case todos os días do ano e sempre durante as fins de semana. Ao claustro pode accederse libremente, pero para visitar as estancias da igrexa recoméndase falar antes co párroco. A Capela de Belén tamén está aberta todos os días do ano con entrada libre, mentres que as de San Estevo e Santiago só son visitables naqueles días do ano en que se celebra culto.



Nave central da igrexa de Santa María a Maior do Rosario.



Fachada da igrexa de Naraío, posiblemente o templo máis antigo do concello.

Igrexas con máis de mil anos


Sen dúbida os elementos patrimoniais máis abondosos en San Sadurniño son os relixiosos, representados en forma de igrexas, capelas, cruceiros e petos de ánimas. Un dos templos máis antigos é o de **Santa María de Naraío**, fundada no 865 polo rei Ramiro I. Orixinariamente estaba formada por unha soa nave central con bóveda e portas laterais. No século XII foi remodelada logo dun incendio que destruíu a cuberta. Os cabaleiros da orde de San Xoán de Xerusalén botáronlle entre 1145 e 1150 un novo teito de madeira e nalgún momento dos dous séculos seguintes ampliárase coa engádegas das dúas capelas laterais. Nunha delas aparecen os sepulcros cos escudos dos Piñeiro e Pita da Veiga, sen que haxa certeza sobre a identidade dos persoeiros soterrados. Foi igrexa refuxio entre o século XIII e o XVI, un privilexio que a convertía en lugar no que celebrar xuízos.

No século XVIII instalouse o retablo por riba das ricas pinturas ao fresco do altar maior que aínda se conservan ocultas. O

retablo chama a atención pola minuciosidade das súas tallas e polas cores empregadas que, sen embargo, non son orixinais senón dunha "restauración" na segunda metade do século XX. A planta é de cruz latina, con nave principal, dúas capelas laterais e sancristía.

Preto da igrexa atópase a **Fonte de San Roque**, posiblemente do século XVIII. É unha pía de cantería sobre a que se colocou unha urna de toelo cunha escultura do santo no mesmo material á que lle foi substraída a figura do can que si se pode ver nunha talla do altar maior da igrexa. Na parroquia de Naraío tamén se atopa a capela na honra de **Santa Mariña**, situada no lugar da Fragueta.

En **Ferreira** atopamos referencias ao patrimonio relixioso xa desde o século XI, cando un escrito nos fala da presenza de dous templos, un na honra de **San Paio** e outro adicado a **San Vicente**. O primeiro está situado no lugar da Seara e é de estilo



Igrexa de San Paio (Ferreira),
remodelada canda a maioría dos
templos no século XVIII.


barroco. Nada se conserva do seu pasado románico e hoxe a igrexa preséntase nun único corpo con nave central, presbiterio e sancristía trala última remodelación custeada polos veciños en 1797 e sendo párroco Francisco Sales Somoza. O interior é moi sobrio, cun sinxelo retablo de madeira como altar maior presidido polo santo mártir. Porén, na igrexa tamén se atopa a figura dun San Vicente encadeado que, segundo a tradición, fuxía polas noites para irse deitar á súa "cama" no alto do pico que leva o seu nome.

A lenda debe ter fundamento histórico, tendo en conta que no pico houbo algún tipo de construción cristiá da que hoxe queda como vestixio unha tumba antropomorfa -a famosa cama do santo- cavada na rocha e cunha pía na cabeceira. Crese que o **Pico de Ferreira** foi lugar de culto pagán desde antes da cristianización e, ata épocas relativamente recentes, sitio ao que ir para curar doenzas de persoas e animais.

Ao pé de San Paio tamén hai unha **fonte** dedicada ao santo e á virxe de Pastoriza. Está feita con dous cabezais unidos por unha moldura. A fonte data do 1890 e en orixe tiña dous canos

“Cama” de San Vicente (Pico de Ferreira). Trátase dunha tumba antropomorfa que pertenceu, segundo se cre, a un antigo mosteiro do que non se conservan restos. A tradición rodeou o lugar de lendas e crenzas máxicas.





Fonte de San Roque,
en Naraío. Punto de
inicio da Ruta
do Río Castro.

de auga, un para cada devoción. Ferreira tamén conta coa ermida de **San Cristovo**, situada na parte alta da parroquia e é o lugar onde se localizan os únicos **petos de ánimas** que hai no concello, un no cruce da Leiriña e outro nas Filgueiras.


En San Sadurniño cóntanse **11 cruceiros**, o número máis elevado de todos os concellos da comarca segundo se reflicte nun estudo de Juan José Burgoa publicado no nº 23 do Anuario Brigantino. Case todos están feitos en toelo -nome común dun mineral do grupo das serpentinas- moi abundante nas canteiras de San Sadurniño e Moeche, de onde saíron tamén baños de salgar, linteis para portas e fiestras, píos e fregadoiros e mesmo a materia prima para ornamentar lugares de culto.

Na parroquia de **Lamas** encóntrase a igrexa na honra de San Xiao. É tamén barroca e cunha única nave rectangular con presbiterio. Sería xemelga da igrexa de Ferreira se non fose porque o campanario, a diferenza desta, sobresa dunha torre que parece encastrada no lateral da nave sen que se saiba ben o motivo. Quizais a intención era dotar o templo de dúas torres ou quizais foi unha necesidade estrutural. En calquera caso, a parroquia e a

En San Sadurniño hai catalogados 11 cruceiros, ademais de dous petos de ánimas e fonte votivas.



Torre da igrexa de
San Xiao de Lamas.



súa igrexa aparecen en textos medievais e sería no século XVIII cando se acometería a reforma do templo tal e como hoxe o coñecemos. Relativamente preto dela, no Camiño Arriba, encóntrase ao pé da estrada a **capela de Santo Estevo**, que conta cun cruceiro do ano 1931 case pegado á súa fachada principal.

A igrexa de **Santa Mariña do Monte**, está situada en Moimentos e presenta varias peculiaridades. A primeira é que ao campanario se accede por unha escaleira exterior -algo que tamén ocorre en Naraío- e a segunda que ten no seu lateral unha cuberta de lousa que puido ter sido empregada como lugar de celebración de culto cando dentro da igrexa houbera un soterramento recente. Cómpre ter en conta que o interior das igrexas se empregou durante séculos como camposanto e de aí que, tal e como defende o expárroco Francisco Javier Martínez, se fixese un alpendre que aliviase as misas de cheiros desagradables. Este estudoso da historia eclesiástica sinala que a actual igrexa se reformou no século XVIII partindo dun templo primitivo que podería estar datado entre os séculos IX e XIII, tendo en conta que hai constancia escrita da existencia da parroquia



O templo parroquial de Santa Mariña do Monte é o único do territorio que conta cunha ala lateral cuberta.

vencellada nesa época á desaparecida diocese de Iria Flavia. Outra particularidade da igrexa é que conta cunha capela gótica do século XVI dedicada á Inmaculada. Asociada á igrexa tamén se encontra **unha capela no lugar da Esperanza**.

A igrexa de Santa María de Bardaos é, se cadra, a máis sinxela de todas cantas podemos atopar no municipio. Igual que a maioría das da zona esta tamén é barroca. Conta cunha única nave e presbiterio, que neste caso non está sobrelevado como ocorre noutras igrexas. A sancristía esténdese como un anexo no muro leste do edificio. Na fachada destaca a espadana do campanario con tres ocos -dous para as campás- e rematada con dous pináculos. Campanarios semellantes atopámoslos só en Santa Mariña e Naraío, pero en Bardaos o tamaño da base suxire que houbo intención de facerlle unha torre con cupulín como, por exemplo, as de Lamas ou Ferreira.

Un dos templos máis espectaculares de San Sadurniño é o de **Igrexafeita**, ergueito na honra de **Nosa Señora do Biscordel** que, segundo a tradición, tería aparecido nun manancial situado a escasos metros da igrexa. Non se parece a

ningunha das outras construcións relixiosas do municipio, quizais polo seu campanario -que dobra a altura do corpo principal- ou quizais porque a pedra exterior sempre estivo á vista. É de estilo gótico cunha nave central, sancristía no muro norte e unha capela no do sur. A igrexa sufriu numerosas modificacións, a máis recente do 1903, cando se lle fixo o campanario. Porén, que é gótica sábese ben mirando o altar maior.


Desde o século XVIII tivo un retablo que hai unha década se retirou por causa do seu mal estado para colocalo na capela lateral. Os traballos deixaron ao descuberto riquísimas pinturas murais nun excelente estado de conservación que cobren toda a parede prolongándose incluso por entre os nervios da bóveda de cruzaría.

As investigacións efectuadas durante a restauración dos frescos revelaron que foron executados en distintas épocas entre os séculos XI e XIV. As imaxes representan escenas da Anunciación e da Asunción da virxe María con debuxos vermellos e ocres de grande detalle. A representación de Deus Pai preside a



Pinturas murais descubertas recentemente tralo altar maior da igrexa de Santa María de Igrexafeita. Sábese que en Naraío existen frescos semellantes e, posiblemente, da mesma época.


Capela de Amido, preto do
límite co concello das Somozas



composición que se completa con anxos trompeteiros, a pomba e un grupo de apóstolos. No deseño introdúcese unha rudimentaria perspectiva pouco habitual na arte daquel tempo. Hai probas de que en Naraío tamén existen murais semellantes que poderían ser da mesma autoría debido á similitude dos trazos.

En Igrexafeita tamén se atopa a **ermida de Amido**, situada ao nordeste da parroquia moi preto do curso alto do río Grande de Xubia. Está dedicada a San Marcos e non se coñecen datos sobre a súa antigüidade. Mesmo é posible que para a súa construción se aproveitasen materiais procedentes de vestixios anteriores. Iso explicaría, por exemplo, que nunha das súas arestas laterais e a ras do chan se poida ver unha prominente cabeza de serpe ou dragón esculpida en granito que en aparencia non semella ter demasiada relación co resto da edificación. Tamén podería tratarse da cabeza dun león que, nese caso, si tería relación, posto que este animal é o que se vencella na tradición cristiá coa figura de San Marcos.

Visitas: as capelas e igrexas do territorio poden visitarse antes e despois dos momentos de culto, previa petición ao párroco responsable de cada unha delas.

A close-up photograph of a large, dark grey granite stone carving. The carving depicts the head of a dragon or serpent, facing left. The stone is weathered and has some lichen or moss on its surface. The background is a blurred green field with a tree trunk visible on the right side.

Un dos laterais de San Marcos de Amido está decorado coa cabeza dunha serpe ou león, animal asociado na tradición cristiá ao evanxelista.

Moitos hórreos seguen conservándose no seu estado orixinal malia o paso do tempo.



Muíños, casas de labranza e outro patrimonio civil


Malia que o patrimonio de orixe relixiosa ou señorial é o que máis destaca no territorio, en San Sadurniño aínda quedan testemuñas dos distintos xeitos en que a xente se adaptou á natureza e aproveitou os recursos dispoñibles. Ao carón dos ríos e regatos que sucán o territorio poden verse pequenos muíños -moitos deles de parcería- e outros, os menos, de maior tamaño e coa vivenda da familia muiñeira formando parte da estrutura.

Todos eles responden ao esquema de muíños co rodicio alimentado por unha canle que, á súa vez, recibe a auga desviada do río desde unha presa. É habitual que dispoñan de dúas pedras, unha de granito do país coñecido como “pedra mourenza” para o millo e outra máis pulida e máis dura, denominada “pedra albeira”, para o trigo e o centeo. Exemplos de muíños hainos en todos os regatos do territorio, pero cómpre salientar os existentes ás beiras do río Aceiteiro, que protagonizan unha das grandes rutas de sendeirismo do concello.

Canda os muíños, en San Sadurniño aínda se conservan casas de labranza tradicionais. As máis delas están en ruínas ou camufladas entre reformas posteriores, pero aínda hai edificacións que mostran ese estilo de construción con cubertas de lousa a tres ou catro augas e muros de lousa ou granito nos que as máis das veces se integra o toelo en forma de linteis e xambas. Casas nas que aínda sobreviven hórreos centenarios, pozos e peches de loureiro, protectores de tronadas e doutros “males” que asexaban os fogares.

As vivendas labregas teñen o seu contrapunto arquitectónico no casco urbano de San Sadurniño, onde atopamos edificacións erguidas por familias que prosperaron no comercio, en profesións liberais ou pola súa vinculación á Administración e ao poder pacego. De feito, moitas delas son de primeiros do século XX, cando os Duques da Conquista marcaban tendencia tamén no estilo construtivo, que podería encadrarse no Modernismo.

Palco da música de San Paio.



Mención á parte merecen as **escolas indianas** construídas cos fondos proporcionados pola emigración na Arxentina e no Uruguai. Son só dúas e están en Ferreira, unha na Seara e outra na Leiriña e foron impulsadas pola Sociedade pro-escuelas de Ferreira creada en 1915. A da Seara foi reformada para converterse en 2008 en local social da parroquia mentres que a da Leiriña -tamén propiedade do Concello- mantén a súa estrutura orixinal. Nesa parroquia tamén se encontra ao pé da igrexa de San Paio un pequeno **palco da música** inaugurado no 1936, o único que se conserva dese tipo en San Sadurniño.

Máis recentes na historia son os lavadoiros públicos que hai repartidos por todas as parroquias. Construídos entre os anos 50 e 60 -algúns reedificados sobre lavadoiros existentes- pouco a pouco foron desbancados polas lavadoras ata ser pasto das silvas. O Concello limitábase nestes momentos a conservalos limpos e a facer pequenos labores de mantemento.



Muíño de Tembrás. (Ferreira)



Vivenda de principios
do S.XX en San Sadurniño



Antiga escola indiana da Leiriña,
en Ferreira. San Sadurniño conta
con dous edificios deste tipo,
sufragados pola emigración
a primeiros do século pasado.



Fervenza do Castro en Riolimpo, Naraío. Parte do cauce do río discorre por unha falla xeolóxica que, xusto ao pé do castelo, cambia de traxectoria formando espectaculares saltos de auga.




Para camiñar sen perderse

Xunto coa riqueza patrimonial, a beleza da contorna ofrece unha chea de posibilidades para gozar do aire libre.

Hai dúas rutas de sendeirismo deseñadas polo Concello, a dos **Muíños do Aceiteiro e a do Río Castro**, as dúas de dificultade baixa e cun alto valor ambiental e cultural. A primeira baixa desde a zona do Camiño Arriba seguindo o cauce do rego ata chegar a San Sadurniño, mentres que a segunda arranca ao pé da Fonte de San Roque, no lugar do Eirexado, en Naraío, e segue o curso do Castro entre fragas e bosques de ribeira até a área recreativa do Pozo de Lamas, en Igrexafeita.

Este trazado ofrece como elemento destacado o castelo, pero tamén as **fervenzas e pozas naturais** que hai xusto ao seu carón, visitadas por centos de persoas durante o verán. Cara ao final da ruta, xusto onde se atopa a área recreativa, podemos aventurarnos monte arriba polo rego de Mariaqueira ata chegarmos aos Carboados. Non é unha ruta apta para calquera -non está sinalizada e recoméndase ir con alguén que coñeza a zona- pero o esforzo verase compensado pola espectacularidade das fervenzas da **Pasada da Barra**, que baixan con forza no inverno e na primavera alimentadas polas brañas e lagoas do Forgoselo.

An aerial photograph of a rural town nestled in a valley. The town features a mix of residential buildings, some with red roofs, and larger institutional or commercial structures. The surrounding landscape is lush green, with rolling hills and fields. A prominent road runs through the center of the town, and a large, rectangular field with a grid pattern is visible in the foreground. The background shows more hills under a clear blue sky.

Ademais das grandes rutas que percorren o concello, no centro urbano tamén se poden facer pequenos itinerarios que reúnen riqueza natural e histórica.

Itinerarios doados no centro de San Sadurniño

Ademais, no centro urbano poden facerse dous itinerarios circulares cun trazado inferior aos 3 Km. e escaso desnivel, concibidos máis como paseo que como ruta propiamente dita. O primeiro deles, denominado **“Ruta do patrimonio”** sae do Pazo da Marquesa, sobe ao convento do Rosario e logo chega á Capela do Belén, volvendo desde aí ao punto de saída seguindo o camiño do Enxerto, desde onde temos boas vistas do centro urbano e da veiga do Xubia.


A segunda senda, chamada **“Ruta da Natureza”**, sae tamén do Pazo, baixa polos xardíns e percorre o paseo fluvial até o Muíño de Mera, pasando ao carón da estatua da Deusa Navia – a única que existe en Galicia– e por dous elementos tamén únicos no país: o **Arboreto de especies autóctonas da Cortiña** e a **Horta de conservación de froiteiras “Carlos Fornos”**.

O arboreto é un mostrario dos sete tipos de bosque galego distribuídos pola parcela e debidamente identificados. Pasando polos sendeiros podemos ver loureiros, carballos, aciñeiras, sobreiras, acivros, castiñeiros e outras árbores que exhiben a pequena escala a riqueza dos nosos montes.

A horta de conservación Carlos Fornos é un proxecto municipal sostido en colaboración coa AGFA do Eume que ten en produción case 200 árbores froiteiras propias das comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal. O obxectivo é preservar este patrimonio vexetal, pero tamén servir de espazo formativo e de difusión de todo este valor. A horta –que tamén dispón no recinto dun colmear didáctico– pode visitarse **concertando cita previa** e en grupos máximos de 25 persoas por quenda.



A horta de froiteiras “Carlos Fornos” recibe centos de visitas ao longo do ano.

A woman in a green shirt and light-colored pants is walking away from the camera on a dirt path that winds through a dense forest. The trees are tall and have thick, dark trunks, with their branches and leaves creating a canopy overhead. Sunlight filters through the leaves, casting dappled shadows on the path. The overall atmosphere is peaceful and natural.

O itinerario do Aceiteiro percorre zonas de grande valor natural e patrimonial. O outro trazado de sendeirismo, o do Río Castro, coincide con rutas de maior distancia centradas no descubrimento de castelos, mosteiros e camiños de peregrinación anteriores á cristianización.

Polos sendeiros do medievo

Tamén toca o territorio o **Camiño a Santo André de Teixido** con dous itinerarios distintos: o máis antigo vén desde o Mosteiro do Couto, en Narón, subindo por Sedes, onde entra en San Sadurniño tocando a parroquia de Santa Mariña antes de pasar a Valdoviño. A outra ruta, de deseño máis recente, é a denominada **GR-55 de Betanzos a Santo André**, que cruza Naraío procedente da Capela, vai a Igrexafeita pasando polo Castelo e logo baixa por Ferreira para proseguir camiño xa en Moeche.

Parte da ruta do Castro e da GR-55 coinciden coa **Ruta dos Castelos e Mosteiros do Eume-Xubia**, que une os principais elementos relixiosos e defensivos da zona, como o mosteiro de Caaveiro, o Castelo de Naraío ou o Castelo de Moeche.





O Forgoselo é un rico ecosistema incluído na ZEC Xubia-Castro. Tamén é unha parte fundamental do Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal.

Para ollar o horizonte, para descubrir un mundo de millóns de anos

O Concello mantén, ademais, áreas recreativas nas parroquias de Naraío, Igrexafeita, Ferreira, Lamas, Bardaos e Santa Mariña, ademais das grandes zonas de lecer que supoñen o paseo fluvial do Xubia, o contorno do arboreto de especies autóctonas da Cortiña e os propios xardíns municipais, situados na parte traseira do antigo pazo da Marquesa.

Destaca entre todas elas o novo espazo anexo á **piscina municipal dos Currás**, dotada cunha ampla zona de merendeiros con sombra e grellas, ademais de dúas pequenas pistas multixogos e outros elementos para que brinque a cativería.

Porén, unha das recomendacións que facemos para admirar o territorio é achegarse aos miradoiros naturais que hai repartidos por todo San Sadurniño. En Naraío atopamos o miradoiro do Saíme, xusto fronte ao castelo de Naraío. Seguindo monte arriba

chegaremos ao **repetidor do Furado** e o **alto de Racamonde** -549 m.- desde onde se pode ver en días claros case todo o arco que vai desde o macizo de Herbeira ata as Illas Sisargas, en fronte de Malpica.



Na zona tamén é posible observar exemplos da nosa **xeoloxía única**, como os bolos, os taffoni ou cacholas, as pías e os castelos, ademais de apreciarse claramente o punto onde conflúe o bloque granítico do Forgoselo coas terras ultrabásicas



do Complexo do Cabo Ortegual ao norte do río Castro, encaixado nese punto na antiga falla que vai desde As Pontes até a praia de Campelo, en Valdoviño.

De feito, a área do Castro e do Forgoselo é un dos lugares de interese xeolóxico e científico do **Proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegual**, que abrangue o territorio dos municipios de San Sadurniño, Moeche, Valdoviño, Cerdido, Cedeira, Cariño e Ortigueira.

Outro miradoiro excepcional é o do **Pico de Ferreira**. Ao pé da cama do santo temos unha panorámica de 360º desde a que se observa o val do Xubia desde Moeche ata Pedroso. O terceiro punto natural desde o que mirar o territorio é o **Coto Agudo**, en Bardaos, que nos permite achegar a vista ás terras do norte que lindan co océano e tamén ao encoro das Forcadas.

En Igrexafeita atopamos tamén as **Penas do Rei Mouro** emerxendo do cordal do Carazo. O nome vén da crenza tradicional nun rei máxico que sentaba na súa propia cadeira labrada na pedra. Hoxe en día a súa cara norte é un dos puntos de visita obrigada para calquera persoa que queira iniciarse no deporte da escalada.

As nosas feiras, as nosas festas

Alén do seu rico patrimonio cultural e paisaxístico, o Concello de San Sadurniño tamén mantén ao longo do ano un calendario de festas e feiras cunha marcada orientación ao desenvolvemento rural e á posta en valor do sector primario. A programación municipal está dividida en dous tipos de convocatorias: dun lado están os **mercados locais**, que se desenvolven cunha periodicidade mensual entre a primavera e o outono nos xardíns municipais e, da outra, os dous grandes eventos anuais dedicados á terra, a **Feira da Plantación e a Feira Rural**.

Os mercados, que adoitan celebrarse durante a primavera e o verán, tentan recuperar a filosofía das feiras de antano como un xeito de dinamizar a economía local baseado na proximidade e na relación directa entre a produción e o consumo. Neles poden atoparse produtos frescos de temporada procedentes de pequenas explotacións de San Sadurniño e do resto da comarca, pero tamén alimentos transformados, artesanía e mesmo

artigos de segunda man.

Na programación anual de mercados intercálanse as feiras monográficas dedicadas ás plantas e ao rural. Así, a **Feira da Plantación celébrase o derradeiro domingo de abril** como escaparate da produción de planta e flor que sae, principalmente, dos viveiros de San Sadurniño. O evento naceu en 1996 da man da Asociación cultural Bidueiro e foi o Concello quen asumiu a súa organización trala disolución desta entidade. Un cambio que tamén significou abrir o abano a máis expositores sen renunciar ao papel principal da planta ornamental. A Feira da Plantación celébrase ao pé do colexio público e xunta, uns anos con outros, a arredor de 5.000 visitantes.

O segundo evento feiral de relevancia é a **Feira Rural**, que ten lugar ao pé do paseo fluvial do Xubia o **último sábado do mes de agosto**. Trátase dunha cita cun protagonismo




A Feira da Plantación do último domingo de abril e a Feira Rural do derradeiro sábado de agosto son dous dos eventos relacionados co sector primario que máis xente traen a San Sadurniño.

indiscutible de todas as iniciativas que buscan recuperar o potencial socioeconómico e ambiental das zonas rurais, xa sexa a través das posibilidades produtivas do sector primario, dos servizos ou do turismo. A feira réxese polo lema "Por un medio rural vivo" co que se reivindicán estilos de vida e xeitos de producir que aseguren un futuro sustentable desde o punto de vista social e ambiental.

A Feira Rural programa dúcias de actividades para todas as idades -unha proba de agility canino, obradoiros infantís, a ruta ciclista, paseos en kaiak polo río, exposicións, etc.-, ademais de acoller o tradicional concurso de froita autóctona no que se premian as mellores variedades do país, moitas delas recuperadas na horta municipal situada xusto ao pé do lugar onde se celebra a feira, na finca da Cortiña.

Porén, alén destes eventos feirais organizados polo Concello, San Sadurniño tamén oferta ao longo do ano outras citas relacionadas coa cultura como son o



Os mercados locais celébranse nos xardíns municipais os últimos domingo de mes entre a primavera e o outono.



O Festival do Río Castro, cita ineludible para público familiar e amantes da música galega.



Festival do Río Castro, que se celebra en **Naraío o primeiro sábado de xullo**, e a **Feira de Artesanía e de degustación de carrilleiras**, que ten lugar no Chao de Lamas o **último sábado ou domingo do mes de maio**.



A parroquia de Lamas celebra en maio a súa tradicional feira de artesanía e de degustación de carrilleiras.

Neste apartado cómpre salientar as celebracións que teñen que ver coa tradición festeira das parroquias. E é que os "patróns" e as "patroas" son datas irrenunciáveis en todo o municipio, haxa ou non haxa festa propiamente dita.





Procesión do Biscordel,
en Igrexafeita.

As festas parroquiais de San Sadurniño son as seguintes, aínda que, de celebrárense, adoitan moverse cara á fin de semana que teñan máis próxima:

Festividades

22 de xaneiro - **San Vicente** (Capela de San Cristovo, Ferreira de Arriba)

25 de abril - **San Marcos** (Capela de Amido, Igrexafeita)

26 de xuño - **San Paio** (Ferreira de Abaixo)

2-3 de xullo - **Santa Sabela** (San Sadurniño)

10 de xullo - **San Cristovo** (Capela de San Cristovo, Ferreira de Arriba)

16 de xullo - **Nsa. Sra. do Carme** (Lamas e Naraío (esta última leva anos sen celebrarse)

18 de xullo - **Santa Mariña** (Santa Mariña do Monte e Capela de Santa Mariña, Naraío (varios anos sen celebrarse)

Finais de xullo - **Santo Estevo** (O Camiño Arriba, Lamas)

15 de agosto - **Nª Sra. da Esperanza** (Santa Mariña do Monte)

16 de agosto - **San Roque** (Naraío)

Última fin de semana de agosto - **A Portela** (Capela de San Cristovo da Portela, San Sadurniño)

Segunda fin de semana de setembro - **Santa María** (San Pipote) (Bardaos)

Terceira fin de semana de setembro - **Nª Sra. do Biscordel** (Igrexafeita)

Setembro (varía) - **Nsa. Sra. do Belén** (Capela de Belén, San Sadurniño)





O San Pipote de Bardaos adoita ser a festa máis multitudinaria do concello.



Outros eventos

Feira da Plantación o último domingo de abril no entorno do colexio público.

Mercados locais os últimos domingos dos meses de primavera e verán nos xardíns municipais.

Feira de artesanía e de degustación de carrilleiras na última fin de semana de maio en Lamas.

Festival do Río Castro o primeiro sábado de xullo en Naraío.

Feira Rural último sábado de agosto no Arboreto galego da Cortiña.

Chanfaina Lab a primeira fin de semana de setembro, encontro audiovisual que se desenvolve en todo o territorio.



A piscina municipal e a área recreativa d'Os Currás ofrecen un grande espazo de ocio a un paso do centro urbano de San Sadurniño.

Como chegar, onde comer e pasar a noite

As principais vías de acceso a San Sadurniño son a estrada AC-862 Ferrol-Ortigueira e a autovía AG-64 Ferrol-Vilalba. Ademais, San Sadurniño tamén está comunicado por tren a través da liña de RENFE de ancho métrico Ferrol-Ribadeo que ten estación en Silvalonga e un apeadoiro en Lamas.

A empresa Arriva tamén presta servizo en San Sadurniño coas liñas que cobren o traxecto Ferrol-Viveiro, Ferrol-As Pontes-Vilalba, Ferrol-Lugo e Ferrol-As Somozas.

Unha vez en San Sadurniño xorde a pregunta de onde se pode pernoctar e, máis que nada, onde se pode degustar a rica gastronomía da zona. A primeira pregunta ten resposta doada: o único aloxamento que hai no territorio é a **Casa de Turismo rural Outeiro** -no centro de San Sadurniño-, en alugueiro para

grupos. Conta con piscina, cancha de tenis, cociña e cunha oferta de 16 camas. Iso si, non ofrece servizo de restaurante nin de habitacións durante o período de alugueiro. Ademais deste tamén hai inmobles turísticos dispoñibles -e con distintos prezos- en plataformas dixitais.

Relativamente preto de San Sadurniño temos outros aloxamentos certamente económicos, como o **Hostal-restaurante Carballo** -en Vista Alegre, Narón- e o **Hostal-restaurante Delfino**, en Moeche. A máis distancia, aínda que non moita, pódese facer noite nalgún dos establecementos situados no polígono do Río do Pozo, a escasos 10 minutos en coche do centro de San Sadurniño vindo pola AG-64.





Produtos da terra á mesa

Para xantar e cear si hai unha ampla oferta sen saír do municipio. En San Sadurniño hai 19 establecementos hostaleiros entre bares e restaurantes. Neles pódese facer parada para repoñer forzas, para tomar un rico café, gozar da parola de final do día ao redor dunha copa ou para desfrutar da boa mesa. Tanto o noso concello como os da volta son produtores de **carnes excelentes** -maiormente de vacún e año/cabrito-, así como de **verduras, mel, queixos** e outros derivados lácteos coma o **requeixo**.

De todos eles pode darse boa conta en restaurantes, mesóns e casas de comidas coma **Casa Casal** (Igrexafeita), **Os Cazadores** (Santa Mariña do Monte), **A Granxa** (en San Sadurniño, ao pé do paseo fluvial e cun entorno ideal para pasar

o día en familia), **O Muíño do Pepe** (situado tamén ao carón do paseo do Xubia) e **Riboira**, situado en Lamas ao pé da estrada de Ortigueira.

Alén dos menús variados e da máxima calidade que hai nas cartas dos restaurantes, San Sadurniño tamén posúe un prato propio, a chanfaina. Trátase dun embutido cociñado que se prepara mesturando nun recho carne de porco, sangue e especias. Sabor exquisito e contundente para unha especialidade propia dos días posteriores á matanza que aínda se elabora en certas zonas do concello e que se pode saborear por encarga nalgúns establecementos. O prato dálle nome, ademais, ao encontro de creación audiovisual "Chanfaina Lab" que se desenvolve en San Sadurniño a primeiros do mes de setembro.





Para saber máis:

www.sansadurnino.gal

facebook.com/sansadurnino

twitter: @concellosansa

instagram: @concellosansa

youtube.com/concellodesansadurnino


www.falamedesansadurnino.org

turismoferrolterra.es

turismo.dacoruna.gal

www.euroeume.org

www.turismo.gal





Os corredores da Casa do Concello están dispoñibles para a organización de exposicións artísticas de todo tipo.



Como ves, San Sadurniño ten unha chea de recursos naturais, culturais e históricos. Para que che sexa máis doado atopalos e chegar a eles, podes acceder ao mapa publicado en Google Maps a través do seguinte código QR.

Descarga calquera lector gratuito para o teu dispositivo móbil Android ou Apple, entra na aplicación, apunta ao recadro e o mapa abrirase automaticamente con case un cento de referencias ordenadas, entre lugares, elementos patrimoniais e outros sitios de interese. Se ves que falta algo ou que hai algún dato incorrecto, fáíno-lo saber a través do mail correo@sansadurnino.gal para que teñamos o plano sempre actualizado.

Tamén podes acceder á maior parte dos recursos facendo unha busca simple en openstreetmap.org ou Google Maps, onde hai imaxes e descrições da maioría das cousas que ofrece o noso concello en canto a recursos turísticos e servizos.

